

DIGITAL WEEK 2022

Instrucións de entrada e saída

Cada centro educativo ten asignada unha hora específica á que deberá entrar na actividade. Para a mellor organización da actividade, na seguinte táboa pódense atopar os horarios de entrada e saída das instalacións.

Centro educativo	15026716 - IES Plurilingüe Adormideras, A Coruña, A Coruña
Data e hora entrada	20 de novembro de 2022: 18:30:00
Data e hora saída	26 de novembro de 2022: 10:30:00

Se lles agradece a súa colaboración de antemán e prégaselles que cumpran as seguintes instrucións coa maior exactitude posible para axudar á correcta e rápida recepción do alumnado.

Os representantes legais poderán acompañar o alumnado á entrada por un tempo aproximado de 15-20 minutos como máximo e, transcorrido ese tempo, as familias terán que abandonar as instalacións para permitir a entrada do seguinte grupo de alumnos e alumnas.

Cando cheguen ao recinto, deberán acompañar o seu fillo ou filla xunto coa súa equipaxe ás mesas designadas para o seu rexistro na entrada. Atoparán 2 mesas:

- O primeira es para o rexistro. Todos os alumnos e as alumnas terán que pasar por esta mesa e deberán entregar os documentos orixinais distribuídos polo centro educativo, asinado en todas as follas (agás autorización de abandono da actividade da páxina 7 se non procede), e a tarxeta sanitaria.



- O segunda está dedicada exclusivamente ás cuestións médicas. Aqueles ou aquelas participantes que teñan calquera incidencia médica da que deban informar terán que pasar co seu pai e/ou nai/representante legal por esta mesa para entregar os seus medicamentos e para dar calquera información que consideren relevante para que se atenda do mellor xeito posible o alumnado. É moi importante que os medicamentos estean todos xuntos nunha bolsa identificada cos seguintes datos: nome completo do alumno ou alumna, idade, data de nacemento e as instrucións detalladas de como e cando as ten que tomar. Ademais, a persoa que estará a cargo desta mesa tomará nota de todas as especificacións do tratamento e farase cargo de subministrarllo ao alumno/a nos horarios que se indiquen. Por favor, prérgase a maior especificación posible sobre os medicamentos e/ou doenzas dos alumnos e alumnas.
- **TELÉFONO:** os nenos e nenas que o desexen, poden levar o seo teléfono móbil, pero será recollido polos monitores e monitoras e unicamente terán acceso a el no horario establecido pola dirección do programa. As horas e días indicados máis abaixo serán estritamente observados. O móbil deberá estar marcado co nome e apelidos do alumno ou alumna, o número de teléfono e o PIN en caso de que así o queiran. (A maioría dos alumnos e alumnas non lembran o seu PIN á hora de encender o móbil, polo que é recomendable.)

Nota: por favor, non esquezan incluír o cargador do móbil.

NOTA: é recomendable meter tanto os medicamentos como os teléfonos móbiles en bolsas tipo cremallera.

A hora máxima á que poderá chegar o alumnado o día da entrada é ás 21:00 h. Pasada esta hora deberán traer o alumnado ao día seguinte e deberán comunicalo previamente. Aqueles alumnos e alumnas que, por motivos alleos á organización da actividade, teñan que chegar despois das 18:00 h do día de entrada ou teñan que ser recollidos antes das 10:00 h do día de saída deberán comunicalo co día e a hora exactos nos que se presentarán na actividade. *Ver instrucións sobre entrada e saída no apartado 6 do Documento informativo.*

Enderezo:

Complexo Xuvenil As Mariñas- Albergue Xuvenil de Gandarió

Aldea Cornide, 21- 15167 Bergondo A Coruña